Tarifa de comisións, condicións e gastos **repercutibles a clientes**

En vigor desde 07.02.2024

EPÍGRAFE 10 SERVIZOS DE PAGAMENTO: CONTAS CORRENTES E DE AFORRO

As tarifas recollidas nesta epígrafe teñen carácter de máximas e aplícanse tanto a clientes consumidores como non consumidores.

ESPECIFICACIÓN	VALOR	OBSERVACIÓNS
1. Contas correntes e de aforro		
1.1 Descubertos.		
1.1.1 Comisión de apertura sobre descubertos (Véxase a nota 1) • Conta Negocios, Negocios Bienvenida e Empresas Bienvenida • Resto de contas	 5,5 % 4,5 %	 Mínimo: 20 euros Mínimo: 15 euros
1.2 Servizo de mantemento de contas.		
1.2.1 Comisión por mantemento de contas con carácter xeral. (Véxanse as notas 3, 4 e 7)	160,00 euros	Anuais por conta
1.2.2 Comisión por mantemento de contas vinculadas (véxase a nota 5)	160,00 euros	Anuais por conta
1.2.3 Comisións para determinadas contas de pagamento		
1.2.3.1 Conta Negocios	12,00 euros	Mensuais por conta
1.2.3.2 Conta transaccional empresas	35,00 euros	Mensuais por conta
1.3 Comisión de administración. (Véxanse as notas 6 e 7)	0,60 euros por anotación	

ESPECIFICACIÓN	VALOR	OBSERVACIÓNS
2. Comisión por información normalizada sobre movementos da conta, fóra dos establecidos periodicamente dentro do marco do correspondente contrato, a pedimento do cliente. (Véxanse as notas 8 e 9)	Por anotación	Mínimo por proceso
2.1 Extracto habitual A pedimento do cliente:	Exento	Exento
2.2 Por petición de extracto en oficina	5,00 euros	
2.3 Extracto de conta adicional en soporte magnético (Véxase a nota 10)	0,002 euros	60,10 euros
2.4 Por interconexión, terminal.	Por documento	150,25 euros/mes (fixo) 36,06 euros/hora (variable)
3. Por comunicación ao Banco de España dos movementos (cargos e aboamentos) que requiran tal comunicación conforme á lexislación aplicable vixente.	6,01 euros (Unha única vez)	
4. Comisión polo servizo de retirada de efectivo en caixa (véxase a nota 11)	2,00 euros	
5. Nos pagamentos de efectivo mediante cheque ou reintegro nunha praza que non sexa onde está domiciliada a conta, en concepto de gastos de comprobación de sinatura e verificación de provisión de fondos	3,00 euros	
6. Comisión por emisión de talonario non cruzado (véxase a nota 12)	3,00 euros	
7. Comisión por ingreso en efectivo en contas das que non se é titular (véxase a nota 13)		
7.1 Caixa	3,00 euros	
7.2 Caixeiro	1,00 euro	

NOTA 1 A autorización para dispor en descuberto é opcional para o banco e, no caso de que se autorice, de acordo coas condicións e prazos pactados, devindicará o tipo de xuro publicado polo banco para este tipo de operacións.

Os descubertos en conta corrente consideraranse operacións de crédito para todos os efectos, polo que se aplicará a comisión sobre o saldo máximo contable debedor que a conta tivese en cada período de liquidación, cos mínimos correspondentes, para percibir xuntamente coas liquidacións de xuros.

De acordo co establecido na Lei 16/2011, de 24 de xuño, de contratos de crédito ao consumo, nos descubertos en conta con consumidores, non se poderá aplicar un tipo de xuro que dea lugar a unha taxa anual equivalente superior a 2,5 veces o xuro legal do diñeiro.

NOTA 2 O BBVA informará o cliente, en caso de que a conta estea sen fondos, mediante o envío de mensaxes a través da app do BBVA, www.bbva.es, correo electrónico, mensaxe ao seu teléfono móbil, calquera notificación de correo tradicional, por teléfono, mediante xestións das nosas oficinas ou de colaboradores do BBVA. O banco lembrará ao cliente a necesidade de ter o saldo en positivo para evitarlle un prexuízo económico.

NOTA 3 O servizo de mantemento da conta consiste en ter a conta aberta, activa e por gardar o teu diñeiro. Por este servizo o banco cobra unha comisión que, ademais, inclúe o Servizo de Caixa Básico para os clientes da conta, é dicir:

.- Os clientes titulares da conta, así como as persoas autorizadas e representantes da conta, poden facer ingresos en efectivo a través dun caixeiro automático e tamén nas oficinas que dispoñan de servizo en caixa, no horario habilitado para iso.

Os ingresos en efectivo que realicen outras persoas en caixa ou a través dun caixeiro automático non están incluídos dentro do Servizo de Caixa Básico e, polo tanto, cobrarase unha comisión polo servizo que se presta a esas persoas, que se indicará antes de realizar o ingreso.

.- A retirada de efectivo polo cliente en caixeiro ata o límite de disposición da tarxeta. Por riba dese límite a retirada deberase realizar en caixa nas oficinas que dispoñan dese servizo no horario habilitado para iso.

Non forma parte do Servizo de Caixa Básico retirar efectivo en caixa por un importe de ata 2.000 €. Por iso, cada vez que se retiren en caixa cantidades iguais ou inferiores a 2.000 €, cobrarase unha comisión por este servizo de retirada de efectivo en caixa (se o importe é superior non cha cobraremos). Esta comisión será cargada na conta en que se realice a retirada. As retiradas de efectivo en caixa non forman parten do Servizo de Caixa Básico e, en consecuencia, non están incluídas na comisión de mantemento (véxase "Comisión polo servizo de retirada de efectivo en caixa").

Os ingresos e retiradas de efectivo, cando se fagan polo caixeiro automático, só se poderán realizar en billetes.

Esta comisión de mantemento só se pacta entre o banco e o cliente. Polo tanto, non inclúe os ingresos en efectivo en conta realizados por persoas distintas aos titulares, autorizados e representantes da conta na que se realiza o ingreso (cando se fai en caixa) ou por persoas que non son clientes do BBVA ou non se identifican como tales (cando o ingreso se fai por caixeiro automático).

NOTA 4 Os cargos por comisións de mantemento efectuaranse coincidindo coa liquidación periódica da conta e proporcionalmente ao período de liquidación.

No caso de que se pacten períodos de liquidación de xuros diferentes aos especificados, a comisión de cada período resultará de dividir o importe da comisión entre o número de períodos ao ano.

NOTA 5 Son contas vinculadas aquelas que se utilicen exclusivamente para cumprir coas necesidades doutro contrato bancario. Terán un custo de 120 euros ao ano. Este custo manterase invariable mentres o contrato de conta estea en vigor. No caso de que se utilice para outro tipo de operacións, aplicarémoslle as tarifas de comisións habituais para contas non vinculadas ás que se fai referencia nos apartados 1.2.1 e 1.3.

NOTA 6 Trátase dun servizo polo que o banco rexistra na conta, mediante anotacións e movementos, o uso que fai o cliente dela. Por este servizo, o banco cobra unha comisión polo uso da conta, por cada unha das anotacións ou movementos, coa excepción dos seguintes:

.- Ingresos de efectivo polo titular da conta (Servizo de Caixa Básico).

.- Retirada de efectivo polo titular da conta en caixeiro ata o límite de disposición da tarxeta (Servizo de Caixa Básico).

.- Retirada de efectivo da conta en caixa (de calquera importe).

.- Liquidación de xuros debedores e acredores, cargos de comisións e repercusión de gastos

.- Aboamentos e cargos de préstamos BBVA.

Os cargos por comisións de administración efectuaranse coincidindo coa liquidación periódica da conta.

NOTA 7 O cobramento desta comisión é incompatible coa aplicación da comisión mensual prevista na epígrafe 22 "SERVIZOS AGRUPADOS – CONTAS CLARAS".

NOTA 8 Nos casos de movementos en conta que requiran envío de documento específico, aplicarase en concepto de correspondencia (correo), se non se percibiu na operación que motiva o movemento, a cantidade correspondente á tarifa postal vixente.

NOTA 9 A tarifa correspondente a "información normalizada" contempla, unicamente, o envío de información nos formatos e procedementos normalizados polo Consello Superior Bancario ou, se for o caso, pola Asociación Española de Banca Privada.

NOTA 10 O soporte magnético será facilitado polo cliente ou repercutiráselle o prezo de custo do propio soporte.

NOTA 11 Trátase do servizo que permite aos intervenientes retirar efectivo da conta en caixa nunha oficina do BBVA, como alternativa ao caixeiro automático. Por este servizo, o BBVA cobra unha comisión polas retiradas en efectivo en caixa de importe inferior ou igual a 2.000 € (polas de importe superior non se cobra). A comisión por prestar este servizo cargarase na conta na que se realiza a disposición.

NOTA 12 Esta comisión non se aplica á emisión de talonarios cruzados.

NOTA 13 Esta comisión aplícase nos ingresos en efectivo en conta realizados por persoas que non aparecen como intervenientes na conta na que se realiza o ingreso (cando se fai en caixa) ou por persoas que non son clientes do BBVA ou non se identifican como tales (cando o ingreso se fai por caixeiro automático). A comisión por prestar este servizo cóbrase á

persoa que realiza o ingreso e informarase dela previamente.
Por “intervenientes” na conta enténdese titulares, autorizados e representantes.